

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027216	IES Fernando Esquío	Neda	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	42
4.2. Materiais e recursos didácticos	43
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	44
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	44
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	45
6. Medidas de atención á diversidade	46
7.1. Concreción dos elementos transversais	48
7.2. Actividades complementarias	49
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	50
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	51
9. Outros apartados	52

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oríentase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer progresivamente un uso ético da linguaxe, que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe a seguir avanzando no desenvolvemento de todas as competencias abordadas en primeiro curso.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 2º de ESO, os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas. Cada unidade didáctica estrutúrase nos seguintes apartados: lectura e preguntas de comprensión sobre a mesma; tipos de textos; léxico; sociolingüística; gramática; ortografía. E actividades de reforzo e ampliación.

O traballo do libro vaise combinar coa lectura dun libro por trimestre e a realización dalgún proxecto relacionado con algunha das efemérides do trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como combater a síndrome posvacacional.	<ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicamos lectura do texto «Como combater a síndrome posvacacional», de Mar Álvarez (Nós Diario), pertencente á tipoloxía textual de noticia. Pola súa parte, o tempo dedicado á oralidade estará dedicado nesta unidade á exposición oral dun informe realizado en grupo sobre un plan imaxinario de lecer e recreación de diferentes situacións propias da comunicación oral espontánea No tocante á expresión escrita farán algunhas actividades relacionadas coa comprensión do texto e coa técnica de tratamento da información como o esquema - Bloque de Tipos de textos: características da noticia como xénero xornalístico. - Bloque Os nomes das cousas: vocabulario propio da casa e da diferenciación entre campos semánticos, hiperónimos ou hipónimos. - Bloque Somos lingua: Centrémonos na Lusofonía en diferentes zonas do planeta . Coñecemos a lingua: Nesta unidade 	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como combater a síndrome posvacacional.	traballarase a formación de palabras a través de lexemas e morfemas. - Bloque Letras e signos: O alfabeto.	10	12	X		
2	" Ver coas mans" de Irene Montero.	- Bloque Comunicamos: lectura do texto «Ver coas mans», de Irene Montero, Lúa Nova. (Nós Diario), pertencente á tipoloxía textual da narración . Características dos textos narrativos. A oralidade estará dedicada nesta unidade á reprodución dunha conversa na se se amosa o desacordo por cuestións cotiás. No tocante á expresión escrita farán algunhas actividades relacionadas coa comprensión do texto, coa aprendizaxe de sinestesis, hiperónimo, diálogos en estilo directo ou coa creación de textos narrativos. - Bloque de Tipos de textos: características da narración, tipos de narración ou de descrición. - Bloque Os nomes das cousas: o vocabulario propio da comida. - Bloque Somos lingua: linguas minoritarias e minorizadas reflexionando sobre o caso do galego. - Bloque Coñecemos a lingua: a formación de palabras a través de prefixos e sufixos. - Bloque Letras e signos: Vogais e consonantes.	10	12	X		
3	" A gruta da torre" de Lois Pérez.	- Bloque Comunicamos: lectura dun diario «A gruta da torre», de Lois Pérez.A carta persoal, o diario ou os blogs.Na oralidade : debates e exposicións orais sobre as conclusións realizadas a partir das opinións de compañeiros e compañeiras sobre colaborar e axudar á familia. No tocante á expresión escrita farán algunhas actividades relacionadas coa comprensión do texto, escritura dunha parte dun diario, escritura de cartas, a creación de textos relacionados coa lectura. - Bloque de Tipos de textos: características da carta persoal, o diario e o blog. - Bloque Os nomes das cousas: O vocabulario propio da diversidade cultural e a paz. - Bloque Somos lingua:A normalización da lingua galega. - Bloque Coñecemos a lingua: o substantivo, o xénero, o número, substantivos variables e invariables, regras da formación do feminino e do plural.	15	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	" A gruta da torre" de Lois Pérez.	- Bloque Letras e signos: Uso de h, de b/v, x/s	15	12	X		
4	Carlos Negro: Aplicación instantánea.	- Bloque Comunicamos: lectura de textos poéticos «Aplicación instantánea», de Carlos Negro, aproximación ás características dos poemas. Na oralidade : dramatizacións, recitais de poesía, expresións non verbais con elementos paralingüísticos, cinésicos ou proxémicos e debates sobre adolescencia. Na expresión escrita , actividades relacionadas coa comprensión do texto, escritura dun decálogo para mellorar a vida das persoas adolescentes, escritura dun selfie en forma de poema, a creación de textos relacionados coa lectura. - Bloque de Tipos de textos: os textos poéticos e algúns dos seus recursos formais. - Bloque Os nomes das cousas: vocabulario propio da música. - Bloque Somos lingua: os prexuízos lingüísticos. - Bloque Coñecemos a lingua: o adxectivo, os seus graos e o uso das conxuncións comparativas - Bloque Letras e signos: Os grupos consonánticos br/bl, pr/pl, fr/fl. Palabras cultas e semicultismos.	10	12		X	
5	Miguel Ángel Alonso: A decadencia dos seres míticos.	- Bloque Comunicamos: lectura do texto «A decadencia dos seres míticos», de Miguel Ángel Alonso Diz, sobre o tema da mitoloxía. Exposición oral centrada no resultado da indagación sobre os seres míticos galegos, posibles conversas entre protagonistas do relato lido, debates, invencións de metáforas. Na expresión escrita farán algunhas actividades relacionadas coa comprensión do texto, coa utilización de conectores textuais, descrición dun ser mítico actual e noticias de prensa. - Bloque de Tipos de textos: redacción de solicitudes e instancias e as súas partes (encabezamento, corpo e final). - Bloque Os nomes das cousas: vocabulario propio do contorno. - Bloque Somos lingua: o galego no ámbito local. - Bloque Coñecemos a lingua: o verbo, partes do verbo, o tempo e o modo. - Bloque Letras e signos: Os grupos consonánticos -cc- e -ct-, -pc- e -pt- e as	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Miguel Ángel Alonso: A decadencia dos seres míticos.	terminacións -cio, -cia/zo, -za	10	12		X	
6	Miguel Pardo: "A maioría da rapazada..."	<ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicamos: lectura do texto «A maioría da rapazada sorpréndese...». O alumnado poderá informarse sobre as posibilidades da lingua galega en múltiples estilos musicais. Na oralidade :exposición centrada na «A banda sonora da túa vida» mesturando cancións da vida do alumnado, entrevistas «Ao son de...» e debate sobre a influencia doutras culturas na galega e como pode afectar á nosa idiosincrasia. Na expresión escrita farán algunhas actividades relacionadas coa comprensión do texto, coa utilización de substitución de palabras como a anáfora, sinónimos, hiperónimos ou hipónimos, pronomes, paráfrases, adverbios ou demostrativos. - Bloque de Tipos de textos: o folleto coas funcións informativa ou apelativa. - Bloque Os nomes das cousas: o vocabulario propio da radio e da televisión. - Bloque Somos lingua: o galego na súa contorna e a transmisión lingüística, - Bloque Coñecemos a lingua: a frase. - Bloque Letras e signos: A acentuación. 	10	12		X	
7	Jacobo Fernández: Refuxio.	<ul style="list-style-type: none"> -Bloque Comunicamos: lectura do texto «Refuxio», de Jacobo Fernández sobre as posibilidades da lingua galega para crear títulos de banda deseñada. Na oralidade: exposición oral sobre prexuízos asociados á diversidade cultural ou étnica, debates sobre medidas de acollemento, escenificacións relacionadas coa protagonista do texto Almira, entrevistas a familiares e amigos que tiveron que vivir fóra de Galicia e exposicións orais. No tocante á expresión escrita farán algunhas actividades relacionadas coa comprensión do texto, creación de historias, formación de femininos, conxugación de verbos, redacción dun guión ou creación de carteis. - Bloque de Tipos de textos: nos buscadores de información. - Bloque Os nomes das cousas: vocabulario propio do cine e do teatro. - Bloque Somos lingua: o galego no ámbito educativo. - Bloque Coñecemos a lingua: a cláusula, tipos de cláusulas. 	10	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Jacobo Fernández: Refuxio.	- Bloque Letras e signos: Os signos de puntuación. O punto (.), a coma (,) e o punto e coma (;)	10	11			X
8	Carmen Blanco: A fuga.	- Bloque Comunicamos: lectura do texto «A fuga», sobre animais en cautividade. A oralidade estará dedicada á escenificación de situacións do texto ou os posibles consellos sobre roupa que debe pór un amigo-amiga na primeira cita, á dramatización das personaxes da lectura, á presentación dunha posible mascota, á posta en común sobre Decálogo do bo trato animal ou á debates. No tocante á expresión escrita farán algunhas actividades relacionadas coa comprensión do texto, creación de textos para continuar a historia de Pina e Monti, creación de carteis ou creación dun Decálogo. - Bloque de Tipos de textos: o cine, sétima arte. - Bloque Os nomes das cousas: vocabulario propio do parentesco. - Bloque Somos lingua :os rexistros da fala. - Bloque Coñecemos a lingua:o suxeito e o predicado. - Bloque Letras e signos: Os signos de puntuación. Os dous puntos (:), os puntos suspensivos (...), o signo de interrogación (?) e a exclamación (!)	10	11			X
9	Cándido Paniagua: Onde está Lois?	- Bloque Comunicamos: lectura do texto «Onde está Lois?». Na oralidade: elementos que teñen que ver coa lingua oral, exposicións orais sobre personaxes ou lugares do ecosistema terrestre, debates sobre accións das persoas que provocan danos nos ecosistemas terrestres. Na expresión escrita: actividades relacionadas coa comprensión do texto, con campos semánticos do cine, coa creación dunha breve historia de Inés de Castro ou coas noticias xornalísticas. - Bloque de Tipos de textos: textos académicos. - Bloque Os nomes das cousas: vocabulario do tempo cronolóxico. - Bloque Somos lingua: Centrémonos na variedade estándar (normativa dunha lingua) - Bloque Coñecemos a lingua:o complemento directo, pronomes átonos que funcionan como CD, o complemento	15	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Cándido Paniagua: Onde está Lois?	indirecto, pronomes átonos que funcionan como CI, o complemento circunstancial. - Bloque Letras e signos: As parénteses e as comiñas. O apóstrofo.	15	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como combater a síndrome posvacacional.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as semellanzas e diferenzas máis salientables entre os sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e o do portugués.	PE	50
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende o contido dun texto oral sinxelo.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza algúns dos elementos constitutivos dunha composición narrativa sinxela .		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue lexemas e morfemas e tamén grafías e fonemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica e evita os estereotipos lingüísticos.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado relata brevemente a experiencia vacacional do verán (aspectos positivos e negativos), axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fluidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deixé e usando con coherencia os tempos verbais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais informais con actitudes de escoita activa.		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos de diferentes ámbitos.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos sinxelos, a súa calidade, a súa idoneidade.	TI	50
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planifica e redacta textos escritos e multimodais sinxelos.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai as correccións oportunas.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado acode á biblioteca escolar e participa activamente nunha charla co/a autor/a do poemario de lectura obrigatoria. Tamén é quen de expresar a súa opinión sobre algún poema escollido por el ou ela.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Selecciona información en exercicios que ten que facer na casa.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Corrixe as actividades de aula.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica o que quere dicir un texto e por que o di así.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Le con atención os enunciados para saber o que ten que facer.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	" Ver coas mans" de Irene Montero.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos.	PE	50
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global , a estrutura e a información máis relevante dun texto escrito.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emprega correctamente o estilo directo e o estilo indirecto.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante dun texto narrativo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica e usa , en textos dados, procedementos de formación de palabras.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñer as características da lingua catalá analizando unha canción.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identificar os prexuízos contra a cultura catalá.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido das cancións catalás traballadas.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado describe unha persoa coñecida (deportista, cantante, actor/actriz...). Alén das súas características físicas, tamén debe reflectir algún trazo do seu carácter e/ou da súa personalidade.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Interactúa na aula cando se corrixen as actividades.	TI	50
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planifica e redacta unha descrición.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalingüaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe o seu exame.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Non interrompe na clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado recoñece e valora algúns recursos expresivos da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Actitude crítica perante os textos que se están a comentar.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisión das actividades feitas na casa.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Ler marcando correctamente o timbre das vogais.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Describe sons consonánticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos

Contidos

- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	" A gruta da torre" de Lois Pérez.	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura , a información máis relevante dun texto narrativo.	PE	45
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza os rexistros utilizados nun texto escrito.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	A partir de artigos identifica usos discriminatorios da linguaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa o cambio de xénero , o plural de substantivos e adxectivos. Revisa e aplica o uso de h, b/v, x/s.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Explica o que é a normalización lingüística.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado elabora un glosario multilingüe que contén expresións e léxico cotián básico (en éuscaro)		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica estereotipos relacionados co éuscaro.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprende o sentido global , a estrutura, a información máis relevante do texto inicial da unidade.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido de cancións en éuscaro.	TI	55
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, dentro da actividade de intercambio virtual cun centro catalán, grava, en grupos, unha exposición oral sobre temas do seu interese relacionados con Galicia (música, deporte,...). Debe utilizar o rexistro adecuado, axustarse ao tempo establecido e ás convencións textuais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesia lingüística.	Debate na clase a partir do tema inicial da unidade.Unha parte da clase estaría a favor de tomar unha decisión e outra parte estaría en contra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
